

# 15 PROBAS DE AMOR

Alice Douard, 2025

# 1775

ESTREA EN NUMAX: 26.06.2026 | V.O.S.E. | 96 min

Céline agarda o seu primeiro fillo. Pero non é ela quen está embarazada. En tres meses, a súa muller Nadia dará luz á súa filla. Baixo a mirada dos seus amigos, da súa nai e da lei, Céline busca o seu fogar e o seu sentido da lexitimidade, mentres loita contra un sistema que lle pon trabas para acadar o único que desexa, ser a nai da súa propia filla.

«Explora con humor e emoción os retos e dificultades de formar unha familia con dúas nais»

Javier Ocaña, EL PAÍS



## Entrevista con Alice Douard: «Existe unha presión social por ser unha boa nai tan pronto como se decide ter un fillo»

**O núcleo da súa historia -unha parella de mulleres que espera o seu primeiro fillo- inspírase na súa experiencia privada. Por que elixiu convertelo no tema da súa primeira película?** Para crear unha imaxe que faltaba. O mesmo que Céline, a miña heroína, eu esperaba ao meu primeiro fillo sen xestalo eu mesma. E tiveron que adoptalo. Esta situación expuxo moitas preguntas. Primeiro, as que me facía a min mesma. Pero tamén as moitas preguntas que outros me facían. Non había imaxes nin modelos de referencia aos que remitirse. Así que quixen crear esas imaxes e contar, de xeito íntimo, o que o noso xeito de formar unha familia cuestionaba realmente. Explorar tanto a súa singularidade como o seu día a día. Ofrecer unha representación afastada das fantasías que se adoitan retratar. Desde o principio, quixen que a película fora accesible e que todo o mundo puidese verse reflectido nas personaxes. É un intento de reconciliación nun espazo onde ten habido moita violencia.

**Considerou o camiño do documental?** Non, porque esa non é a miña formación. Gradueime en dirección en La Fémis, e as curtametraxes que fixen durante e despois dos meus estudos foron de ficción. Con todo, investiguei moito antes de escribir o guión. Coñecín a moitas parellas de mulleres que pasaran pola mesma experiencia ca nós; algunhas antes da lei Taubira, outras despois. Para todas elas, o tema do recoñecemento legal combinado coa realidade da maternidade foi un verdadeiro desafío. Desde 2021, a lei cambiou. Agora unha muller pode facer un recoñecemento do neno antes do nacemento, mentres que na miña época, tiñamos que pasar polo proceso de adopción. Foi laborioso, pero tamén unha oportunidade, porque antes de 2013, a idea de formar unha familia legal simplemente non existía!. Elixín situar a historia nese período e converter os meus personaxes en pioneiros. En certo modo, é unha película histórica. O camiño da adopción paréceme tanto un fío narrativo fascinante como unha realidade que necesita ser compartida. Sempre é valioso contar a historia.

**O feito de cingirse ao punto de vista de Céline, tamén lle permite cuestionar o xénero e romper as súas fronteiras?** Absolutamente. Céline, en certo xeito, está ao carón dos pais; ela non leva fisicamente o embarazo. É unha espectadora da chegada do seu fillo. Pero a diferenza dos homes, ela podería xestar o bebé. Aí é onde resulta interesante facela interactuar con personaxes masculinos. Na experiencia compartida, o xénero esvaécese.

**Non se volve a película tamén universal a través do círculo de testemuñas de Céline? Cada un deles termina dicíndolle o que significa ser unha «boa nai»... Parece que o tema da maternidade esperta moito interese!** Todo o mundo ten unha opinión sobre a maternidade. Máis aló da situación específica de Céline e Nadia, e da (lexítima) curiosidade que esperta, existe unha presión social por ser unha «boa nai» tan pronto como se decide ter un fillo. E esa presión afecta a todas as mulleres! De feito, a universalidade da película reside tamén aí: na forma en que se observa a calquera que se estea preparando para ser pai ou nai.